



## NOTA INFORMATIVA SOBRE VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A EN ADULTOS

### Introdución

Aínda que en teoría son tres as vacinas comercializadas en España (ver recadro), nestes momentos existe un problema de subministro que afecta fundamentalmente á vacina de adultos e que está relacionado con problemas de produción das compañías farmacéuticas.

Na actualidade as vacinas fronte á hepatite A comercializadas no noso país son:

- Havrix® 1440, do laboratorio GlaxoSmithKline. Autorizada a partir de 19 anos.
- Vaqta® 50, do laboratorio MSD. Autorizada a partir de 18 anos
- Avaxim®, do laboratorio Sanofi Pasteur. Autorizada a partir de 16 anos. O laboratorio conta con un número de doses moi reducido actualmente.

Todas elas son vacinas inactivadas.

En resposta a esta situación, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade realizou xestións coas compañías farmacéuticas subministradoras para tentar conseguir doses e paliar no posible esta situación, conseguíndose doses que están a ser distribuídas entre as comunidades autónomas previo acordo no seo da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial; ao mesmo tempo as Comunidades Autónomas coordinadas desde o Ministerio de Sanidade elaboraron documentos lembrando as indicacións de vacinación fronte a esta enfermidade de transmisión fecal-oral así como os grupos de risco prioritarios a vacinar mentres se manteña esta circunstancia que, segundo nos informan dende os laboratorios fabricantes, vaise manter nos próximos meses e tamén afectará ao inicio do vindeiro ano 2018.



Por isto, é preciso facer fincapé en que **as doses** que se van a poñer a disposición dos puntos de vacinación deben **utilizarse exclusivamente nas persoas que pertencen aos grupos de risco prioritarios** que se van expoñer a continuación.

En canto a situación epidemiolóxica en Galicia, é de destacar o aumento significativo na incidencia desta infección manifestada desde o ano 2016, afectando fundamentalmente a persoas de entre 20 e 44 anos, principalmente homes que teñen sexo con homes (HSH). Neste ano o abrocho continúa activo cunha lixeira baixada da incidencia cuatrisesmanal. Este abrocho tamén se está a dar noutros lugares de España, e nalgúns comunidades está a aumentar neste 2017, o mesmo que en Portugal. A medida fundamental para poder controlar este abrocho é a vacinación.

Tendo en conta o anterior así como que nestes vindeiros meses de verán van ser necesarias un maior número de doses para cubrir a vacinación en viaxeiros á zonas de risco de infección por HA, recóllense a continuación as **indicacións para o seu uso** mentres dure esta situación de desabastecemento e limitacións no subministro de vacinas.

#### INDICACIÓNS:

- **Só se vacinará as persoas pertencentes aos grupos de risco (ver cadro mais adiante).** Sempre que sexa posible, **realizarase seroloxía** para determinar a susceptibilidade en nados con anterioridade a 1977 (a maioría das persoas nadas con anterioridade a 1960 considéranse inmunes segundo os estudos de seroprevalencia, aínda que pode haber unha pequena porcentaxe que permanece susceptible).

**En canto ao abrocho que se está producindo en HSH,** recoméndase iniciar canto antes a vacinación. Neste momento, considérase o grupo prioritario para a vacinación.



**Advertencias: NON se administrarán doses de recordo en ningunha situación (agás en inmunodeprimidos).**

A administración dunha única dose de vacina segundo a ficha técnica, amosa taxas de seroconversión do 95% en persoas adultas nas 4 semanas seguintes á vacinación e demostrouse que a seropositividade persiste ata 18 meses. Para asegurar a protección a longo prazo recoméndase administrar unha dose de recordo a partir dos 6 meses.

Nestes momentos só se administrará unha única dose e a dose de recordo só unha vez restablecido o subministro normal de vacina.

- Poderán utilizarse vacinas combinadas HA+HB nas persoas de risco nadas con anterioridade a 1982 e non inmunes fronte á hepatite B. No momento actual tamén estamos a sufrir desabastecemento temporal desta vacina (Twinrix adultos), aínda que segundo o laboratorio produtor estará dispoñible a partir do vindeiro mes de setembro.

#### **GRUPOS DE RISCO PRIORITARIOS PARA A VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A:**

- Contactos estreitos de persoas con hepatite A. A vacina é efectiva como medida postexposición (administrar na primeira semana trala exposición. <http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/1142/Protocolo%20Hepatitis%20A.pdf>)
- Persoas con hepatopatía crónica, debido ao maior risco de desenvolver unha hepatite fulminante
- Persoas que recibiron ou están esperando un transplante hepático
- Persoas con condutas sexuais de maior risco: HSH con múltiples parellas e profesionais do sexo
- Persoas que se inxectan drogas (PID)
- Persoas con risco ocupacional: persoas que traballan con primates non humanos e persoas que traballan no laboratorio co virus da hepatite A





- Viaxeiros que se desprazan a zonas de **alta** ou **moderada** endemicidade de hepatite A. Considerar especialmente aos nenos nados no noso país fillos de pais orixinais de países de alta endemicidade.

Debe terse en conta a idade, o lugar concreto da viaxe e se as condicións hixiénico-sanitarias son deficientes, fóra dos circuitos turísticos habituais e por un período de tempo superior a 15 días. Para que a vacina sexa efectiva, débese administrar polo menos 2 semanas antes da viaxe.

Todas as vacinas deben administrarse segundo as indicacións do programa galego de vacinación e deben ser rexistradas.

As vacinas dispoñibles que o programa subministrará poden ser calquera das anteriormente citadas, xa que se irán recibindo doses segundo dispoñibilidade dos laboratorios fabricantes. Neste momento o programa galego de vacinación subministrará os seguintes produtos:



Para máis información, poden consultar as fichas técnicas dos produtos a través de <http://www.sergas.es/Saude-publica/Fichas-técnicas-vacinas>

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

O director xeral de Saúde Pública

Andrés Paz Ares Rodríguez

